



DÉCALOGO DO CENTRO EN CANTO Á OBSERVA-ACCIÓN

Unha vez aprobado en claustro e en CCP a mellora da implementación sistemática no centro do Programa Observa-acción teranse en conta os seguintes puntos no curso 2023-24.

1. Os primeiros días de setembro explicáraselle ao novo claustro en que consiste o Programa Observa-acción así como a temporalización do mesmo.
2. Todo o profesorado ao longo do curso 2023-2024 deberá realizar alomenos tres observacións holísticas e tres focalizadas dentro do noso centro, independentemente de ser admitidos na fase Nacional polo CAFI. De ser así, implicaría a maiores esas observacións a nivel nacional por parte de 3 a 5 mestres.
3. Todas as observacións teñen que ser preparadas cunha planificación previa e unha reflexión posterior.
4. O centro facilitará uns documentos sinxelos para que cada mestre poida deixar constancia das observacións nas tres fases: preparación previa, observación holística e focalizada e reflexión final.
5. A directora fixará en cada boletín mensual un horario nas tardes dos primeiros martes de mes para planificar e volcar ademais das boas prácticas levadas na escola, aquelas experiencias de reflexión interesantes que se produzan tras facer as observacións holísticas e focalizadas.
6. De cada reunión de exposición relacionada co Programa Observa-acción, que insistimos, pode ser fóra do programa se non somos escollidos para realizalo, farase un listado de propostas de mellora que se irán implementando no día a día do colexio se é oportuno sedimentadas na CCP e ademais quedarán reflexadas na memoria final para sistematizalas no seguinte curso a través do PEC.
7. De cada reunión citada anteriormente tamén estaremos atentos a eses posibles momentos Eureka que xurdan durante as experiencias.

8. Ademais destas observacións levadas a cabo por parellas, tamén será de relevante interese calquera observación levada a cabo dentro dos obradoiros que inclúe a nosa metodoloxía por proxectos de xeito multidisciplinar, multicompetencial e multinivel, xa que son ocasións moi interesantes para observar o bo facer dos compañeiros e compañeiras fóra da aula ordinaria.
9. Outro momento de interese para a observación, aínda que non fixeron relación a el en todo o Programa Observa-acción, son os tempos de recreo, xa que é un momento fóra da aula onde existe unha gran interacción entre o profesorado e o alumnado. Podemos ver como actúa o profesorado xestionando conflitos, solucionando problemas de xogo, asistindo a nenos feridos, loitando contra a climatoloxía, xestionando espazos e materiais, observación de nenos con problemas de conduta ou de relación, posible bullying...
10. Incluirase a explicación desta actividade ao profesorado de incorporación tardía (substitucións, baixas...) no Plan de Acollida do centro. Do mesmo xeito, tamén se incorporará en todos os documentos do centro.